

“A verdade nunha man pechada. Ferrol recuperando a memoria”

Concello de Ferrol

Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática

Asociación Fuco-Buxán

Programa

TANTO OS ACTOS DE MULLER COMO AS XORNADAS SON ÁS 19,30 HS. NA FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA

Muller e memoria.

Martes 29-marzo. Proxección do documental “Señora de”, de Patricia Ferreira

Participan:

Ana M^a Blanco, Romana S. Luís, Filomena Fraga, Alicia, protagonistas do documental.

Guadalupe Lloves, entrevistas, representante da produtora O Raio Verde

Conduce: **Carme Blanco**, Profesora de Literatura Galega na USC e escritora.

“Señora de’ amosa as testemuñas de varias xeracións de mulleres ás que a historia nen siquera lles permitíu soñar. O

único que puideron facer foi resignarse e aceptar que naceron noutra época na que as súas voces, os seus desexos e

incluso os seus pensamentos foron silenciados. Mulleres da cidade e do campo, do mar e da terra adentro, que se

enfroitan aos seus recordos e falan por primeira vez do que foi a súa vida, de hábitos hoxe intolerables na sociedade

occidental, pero que constituían a vida das mulleres na historia recente de Galicia e España”

Mércores 30-marzo. Mesa redonda: “Muller e memoria”

Aurora Marco. Catedrática de Didáctica da Lingua e a Literatura galega da USC. Autora de investigacións sobre as

mulleres guerrilleiras e exiliadas en Galicia.

Mary Nash. Catedrática de Historia Contemporánea na Universidad de Barcelona. Presidenta e Fundadora da Asociación

Española de Investigación en Historia das Mulleres.

María Jesús Souto Blanco. Doutora en Historia Contemporánea na USC. Coordinadora do Proxecto interuniversitario

“Nomes e Voces”. Especializada no estudo da represión franquista.

Modera: **Sari Alabau**, profesora, Concelleira de EU no Concello de Ferrol.

Xornadas

Martes 5-abril. Mesa redonda: “O contexto actual no proceso de recuperación da memoria”

Carlos Agüero. Investigador en filosofía, Coordinador da Oficina Non Gubernamental de Atención a Vítimas da

Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (A.R.M.H).

Lourenzo Fernández Prieto. Catedrático de Historia Contemporánea da USC. Dirixe o Proxecto de investigación

“Nomes e Voces”, e é o investigador principal en varios proxectos que teñen como temática o franquismo no ámbito

galego, estatal e internacional.

Xosé Lois Vilar. Historiador e arqueólogo, membro do Instituto de Estudos Miñoranos.

Modera: **Virxinia Salvo**, xornalista

Mércores 6-abril. Mesa redonda: “Memoria e Democracia”

José Antonio Martín Pallín. Maxistrado emérito do Tribunal Supremo. Colaborador de Amnistía Internacional e da Comisión

Internacional de Xuristas en misións de investigación sobre dereitos humanos en Latinoamérica e Palestina.

Premio Nacional de Dereitos Humanos en 2006.

Carlos Teijo García. Profesor de Derecho Internacional Público e Relacións Internacionais da USC. Doutor en Ciencias Políticas e Dereito.

Susana Alaniz, uruguaia afincada en Ferrol, colabora coas asociacións Nais e Familiares de Presos Políticos e con

Nais e Familiares de Detidos e Desaparecidos, ambas de Uruguai.

Modera: **Carmen Fernández Casanova,** Catedrática de Historia Contemporánea da UDC.

Xoves 7-abril. Mesa redonda: "A recuperación da memoria en Ferrol"

Enrique Barrera. Profesor, Investigador da historia de Ferrol durante a II República, a ditadura e a transición.

Eliseo Fernández. Investigador especializado na historia do movemento obreiro e do anarquismo en Galicia e Ferrol.

Bernardo Maíz. Doutor en Historia Contemporánea, Catedrático de Ensino Medio. Investigador da historia de Galicia e

Ferrol durante a República e a Ditadura.

Manuela Santalla. Profesora, Doutora en Xeografía e Historia. Investigadora da historia de distintos movementos sociais de Ferrol no S.XX.

Xosé Manuel Suárez. Mestre, Doutor en Xeografía e Historia. Investigador da historia de Ferrol durante a guerra civil e a ditadura.

Modera: **Guillermo Llorca,** Profesor e historiador.

Programación cultural

Teatro (Teatro Jofre)

Xoves 31 de marzo, 20,30 hs. Tertulia sobre a obra "Memoria de Helena e María", de Teatro do Atlántico.

Venres 1 e sábado 2 de abril. 20,30 hs. MEMORIA DE HELENA E MARÍA. TEATRO DO ATLÁNTICO
Reseña:

Nos meses previos á Guerra Civil, nunha vila de Galicia, prodúcese o primeiro encontro entre Helena e Manuel. A

chegada da Guerra de 1936 vai levar a Manuel á fronte republicana, e a súa vida vai rematar en Albacete un ano

despois: "Está enterrado nunha foxa común a doce quilómetros de Quintanar del Rey" (Helena. Escena I). Á morte de Manuel, Helena, a súa viúva, fica na vila coa súa pequena filla, María, froito daquel amor, e con outra

herdanza, deixada tamén polo seu home, que ha traer dramáticas consecuencias. Sesenta anos despois, por boca da

súa filla, imos coñecer as características da tal herdanza e as consecuencias da súa conservación.

SANTA PERPETUA . PRODUCCIONES MICOMICÓN

Escrito e dirixido por Laura Ripoll

Venres 8 de abril, 20,30 hs.

Hai unha cama. E nela, desde tempos inmemoriais xace unha muller repleta de memorias. E desmemorias. Lembra

cousas, peripecias, nomes e avatares, receitas culinarias e cancións que se funden nas súas raíces en tempos

remotísimos. É unha enciclopedia vivinte e eternamente moribunda. Pero o seu saber é un filtro, unha peneira que di o

que é e o que non é, o que foi e o que non foi..Porque hai cousas que é mellor non lembrar.

Non é a Comala de Rulfo, pero hai sombras do pasado que van volver. Non é o Macondo de García Márquez, pero hai

máis de cen anos de soidade, de dor e de segredos. Non é a Vilagarcía de Arousa de Valle Inclán, pero hai unha

risotada fonda que rebota e rebota, desdentada, cheirenta e bufa.

Laura Ripoll obríganos o rir, e moito. Non é unha risa serea, complacente. É unha risa cargada de pímulas de cianuro que

quizais nos pase factura ao final, que talvez nos faga preguntarnos de que demo nos estivemos rindo durante unha

hora e media.

Música

PILOCHA.

Teatro Jofre. Sábado 9 de abril, 20,30

“Sempre”

Xavier Constenla, piano

Xurxo Varela, guitarra, viola da gamba

Audiovisual homenaxe ás vítimas de Ferrol e comarca. (3 minutos)

BRIGADA BRAVO&DÍAZ

Capela do Torrente, xoves 14 de abril ás 22 hs. Ciclo Novas Noites

“Músicas populares de la guerra civil”

Antonio Bravo , guitarras

Germán Díaz, zanfoña, caixa de música

Ciclo de cine. (Ciclo Primavera de Cine)

Cines Duplex Ferrol. 20,30 hs

Mércores 13 de abril: **A vella memoria**, de Jaime Camino

Mércores 20 de abril: **L'espoir (Serra de Teruel)** de Andréé Malraux

Mércores 27 de abril: **Cancións para despois dunha guerra**, de Basilio Martín Patiño

14 DE ABRIL, 18,30 hs: **OFRENDA FLORAL** “En lembranza e homenaxe a todas a vítimas da ditadura franquista

1936-1975”, **NO CEMITERIO DE SERANTES**. Acto organizado anualmente pola ASOCIACION MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA.

Calendario

29 marzo-Martes Proxeccion “Señora de” Caixa Galicia, 19,30 hs.

30 marzo-Mércores Mesa “Muller e memoria” Caixa Galicia, 19,30 hs.

31 marzo-xoves Tertulia Teatro Atlantico Teatro Jofre, 20,30 hs Asociación Amigos Teatro

1 Abril-Venres Teatro do Atlántico Teatro Jofre. 20,30 hs

2 Abril-Sábado Teatro do Atlántico Teatro Jofre. 20,30 hs

5 Abril-Martes Mesa redonda Caixa Galicia. 19,30 hs

6 Abril-Mércores Mesa redonda Caixa Galicia. 19,30 hs

7 Abril-Xoves Mesa redonda Caixa Galicia. 19,30 hs

8 Abril-Venres Teatro Micomicón Teatro Jofre. 20,30 hs

9 abril-Sábado Música Pilocho Teatro Jofre. 20,30 hs

13 abril-Mércores Cine Duplex, 20,30 hs Ciclo Primavera de Cine

14 abril-Xoves Ofrenda floral Serantes Cemiterio Serantes, 18,30hs

AS.Memoria Histórica Democrática

14 abril-Xoves Brigada Bravo-Díaz Capela T. Ballester,22 hs Ciclo Novas Noites

16 abril-Cena “Cocido da República”,restaurante de la Malata,21:30h,precio 20€. Entradas a la venta en los diferentes actos

20 abril-Mercores Cine Duplex, 20,30 hs Ciclo Primavera de Cine

27 abril-Mércores Cine Duplex, 20,30 hs Ciclo Primavera de Cine